

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN “EMILIA PARDO BAZÁN. O RETO DA MODERNIDADE” NA CIDADE DA CORUÑA EN 2021.

Don Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado por Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991

Dona Inés Rey García actuando en nome e representación do Concello de A Coruña, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en execución do acordo do Pleno do Concello da Coruña de 25 de xaneiro de 2021.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de creación e difusión cultural. Dentro dese ámbito de actuacións vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación e promoción da cultura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

En 2021 celébrase o centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán, unha figura de relevancia nacional e internacional nas letras españolas e nos debates intelectuais do seu tempo.

Para conmemorar esta importante cita cultural en Galicia e España, a Xunta de Galicia participa na organización da exposición “*Emilia Pardo Bazán. El reto de la modernidad*”, unha importante mostra que conta coa participación da Biblioteca Nacional de España, Acción Cultural Española (AC/E), e Comunidad de Madrid, comisariada por Isabel Burdiel, catedrática de historia contemporánea



da Universidade de Valencia. Esta mostra será inaugurada o 20 de maio de 2021 na Sala Recoletos da BNE, e permanecerá aberta ao público ata o 29 de agosto.

Información da exposición na web da BNE:

<http://www.bne.es/es/Actividades/Exposiciones/Exposiciones/Exposiciones2021/emilia-pardo-bazan.html>

Dada a relación de Emilia Pardo Bazán con Galicia e, especialmente coa Cidade da Coruña, onde naceu, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Concello de A Coruña teñen interese en que a mostra poida itinerar á cidade da Coruña unha vez rematada a súa estadía na Biblioteca Nacional de España.

O Concello da Coruña propón como lugar para a itinerancia o **Kiosko Alfonso**. Trátase dun centro de exposicións de ampla traxectoria na realización de proxectos expositivos de diversa índole, situado nun lugar céntrico e accesible da cidade, e xestionado polo Servizo Municipal de Cultura do Concello da Coruña.

Información web sobre o Kiosko Alfonso:

<https://www.coruna.gal/web/es/temas/sociedad-y-bienestar/ocio-y-cultura/equipamientos-de-ocio/equipamiento/kiosco-alfonso/entidad/1149055940406?argIdioma=es>

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Concello da Coruña teñen un interese común e coincidente en posibilitar a itinerancia e exhibición da exposición “Emilia Pardo Bazán. O reto da modernidade” na cidade da Coruña.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2021, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello da Coruña para posibilitar a itinerancia e exhibición da exposición “Emilia Pardo Bazán. O reto da modernidade” que terá lugar no Kiosko Alfonso, na cidade da Coruña.

As actuacións que se levarán a cabo para a itinerancia son as seguintes:



- Reembalaxe das obras en Madrid.
- Traslado das obras e dos materiais expositivos á Coruña.
- Almacenaxe das obras ata a súa montaxe.
- Inauguración da exposición.
- Clausura da exposición.
- Reembalaxe das obras para a súa dispersión.

SEGUNDA.- Financiamento.

O custo total das actuacións que se realizarán para a Itinerancia da exposición “Emilia Pardo Bazán. O reto da modernidade” na cidade de A Coruña ascende a 94.000,00 €.

A estimación económica do gasto para a realización das actuacións por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e do Concello de A Coruña é a seguinte:

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para levar a cabo as actuacións recollidas na cláusula cuarta, asumirá un importe máximo de 65.000,00 € con cargo á aplicación 10.40.432B.640.1 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021.
- O Concello de A Coruña, para levar a cabo as actuacións recollidas na cláusula terceira, asumirá un importe máximo de 94.000 € con cargo aos seus orzamentos.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello da Coruña

Para a organización da exposición o Concello de Coruña comprométese a asumir os seguintes gastos:

Actividade	Observación
Almacenaxe	Almacenaxe das obras e dos elementos de museografía dende a chegada á cidade de A Coruña ata a súa montaxe na sede.
Espazo expositivo	Selección de espazo, apertura do mesmo e xestión das visitas.
Montaxe/desmontaxe	Realización das tarefas de montaxe/desmontaxe na sede.



Adaptación da exposición	Realización das tarefas de adaptación da exposición aos requirimentos espaciais e materiais da sede.
Catálogo	Facilitarase a maqueta do catálogo coa cesión dos dereitos dos seus contidos (textos e imaxes) para que o concello faga unha edición do mesmo.
Acto de inauguración	Organiza o Concello da Coruña en coordinación coa Xunta de Galicia nas datas propostas.
Comunicación da exposición	Coordinación das tarefas de comunicación pública da exposición: roldas de prensa, información web, difusión en redes sociais e en medios de comunicación convencionais.

CUARTA.- Obrigas da Xunta de Galicia.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a:

Actividade	Observación
Transporte e correos das obras.	Traslado das obras Madrid-A Coruña, xestión dos correos e dispersión ao remate da exposición.
Seguro das obras	Contrato de seguro das obras.
Contratación da comisaria e da deseñadora da exposición	Contratación da comisaria Isabel Burdiel e da deseñadora Mónica Boromello para a súa achega na sede.
Comunicación da exposición	Coordinación das tarefas de comunicación pública da exposición: roldas de prensa, información web, difusión en redes sociais e en medios de comunicación convencionais.

QUINTA.- Contratación pública

Para a realización das actuacións previstas neste convenio deberase ter en conta o previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

SEXTA.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

SÉTIMA.- Logotipos e difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan para a promoción e divulgación da exposición, aparecerán os logotipos de todas as institucións que fan posible a realización da exposición (Xunta de Galicia, Concello de A Coruña, Biblioteca Nacional de España, Acción Cultural Española e Comunidade de Madrid), sendo necesaria a conformidade destas respecto á presentación da súa imaxe institucional (invitacións, carteis, programas de man, catálogo, folletos, web, etc).

OITAVA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

NOVENA.- Comisión de seguimento



Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento constituída por un representante da Consellería de Cultura, Educación e Universidade un representante do Concello de A Coruña.

Dita comisión estará composta por.

Por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- O secretario xeral de Cultura

Por parte do Concello de A Coruña:

- O director de Cultura do Concello de A Coruña.

DÉCIMA.- Causas de resolución:

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo terceira.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Román Rodríguez González

Polo Concello da Coruña

Inés Rey García

